



RÍO DA FRAGA (MOAÑA)

Club de Montaña O Carroucho

22 de Setembro de 2012

Saíremos de Moaña, dende a praia da Xunqueira, por un camiño asfaltado para pronto coller un sendeiro ben definido que discorre á beira do río Fraga, onde atoparemos moitos muíños restaurados e bosques de ribeira (carballos, ameneiros, salgueiros, castiñeiros e loureiros). Dependendo do que chova os días anteriores, atoparemos o río con máis ou menos auga e gozaremos das belas ferverzas que se atopan ao final do percorrido do río.

Este río, tamén chamado “dos Ladróns”, fai de fronteira natural coa parroquia de Meira e transcorre nos seus 6,7 km. de lonxitude entre



frondosos bosques, ata a praia de As Xunqueiras, na ría de Vigo. As augas deste río forman espectaculares saltos de auga e belas pozas. A vexetación é abundante en casi todo o percorrido con especies autóctonas de bosque típico galego.

Rematado este sendeiro, saíremos a pistas forestais que nos levarán ao gran miradoiro sobre a Ría de Vigo, no Faro de Domaio, que será o punto máis alto da ruta. O Monte Faro de Domaio é un monte situado na península do Morrazo, elévase ata os 636 m. de altura e é a máxima altitude da Serra do Morrazo. Domina as rías de Pontevedra e Vigo cunha situación estratéxica que o converte nun importante centro de telecomunicacións. O terreo é granítico con grandes rochas deste material. No cume hai unha grande cantidade de antenas de todo tipo xunto a un vértice xeodésico de primeiro orde.

Lebrámosvos que esta actividade só inclúe o seguro de transporte

Datos Básicos

Comezo: Moaña
Remate: Lagoa de Castiñeiras
Distancia lineal: 18 km.
Duración aproximada: 7 horas
Dificultade: Media-Baixa
Altura máxima: 621 m
Altura mínima: 0 m
Acumul.: \uparrow 1109 m / \downarrow 751 m

Nas súas ladeiras hai varios centros de ocio, entre os que destacan a zona de espaxemento de Chan da Arquíña, no que se atopa o dolmen do mesmo nome. Este monumento megalítico con máis de 5.000 anos de antigüidade, é dos mellores de Galicia. Consta dunha cámara poligonal composta de 11 pedras verticais e dun corredor de 5 pedras colocadas na mesma posición. Nas escavacións atopáronse restos funerarios, diferentes útiles e ferramentas de pedra e fragmentos de cerámica.

Dende aquí dirixirémonos por pistas cara ao parque natural de Cotorredondo. É unha opción importante a ter en conta para gozar da natureza e para a práctica de diversas actividades deportivas. Cunha altitude de 550 m., é un dos máis fermosos parques da zona, cunha situación xeográfica ideal.



Neste contorno atoparemos, xa ao final da ruta, o coñecido lago de Castiñeiras, que pertence aos concellos de Vilaboa e Marín. Constitúe unha importante zona de refuxio e cría para moitas especies de animais silvestres. Nel coexisten especies autóctonas con árbores de moi variadas procedencias. Como área de recreo conta con sendeiros perfectamente definidos, numerosas fontes, parques infantís, mesas e barbacoas, etc... onde poderemos descansar ao final da ruta.



Próxima cita:

**12-14 Outubro
Alto Sil / La Lacia**



O Carroucho

www.carroucho.org